



GUÍA DIVULGATIVA

Fases de tramitación dos parques eólicos en Galicia



XUNTA
DE GALICIA

ADMISIÓN A TRÁMITE DO PROXECTO

- **Fóra da Rede Natura**
- Non solapamento
- Dentro das áreas de desenvolvemento eólico
- Capacidade do promotor
- Permiso de acceso á rede eléctrica

TRÁMITES PREVIOS

- Proxecto de execución
- Documentación ambiental

Consultas previas:



Administración
Interesados
Público xeral

ESTUDO DE
IMPACTO
AMBIENTAL

INFORMACIÓN PÚBLICA

DOG

Alegacións

30 días

Informes sectoriais:

Administración xeral
Administración autonómica
Administración local

TRÁMITE AMBIENTAL

DECLARACIÓN DE
IMPACTO
AMBIENTAL

AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA E DE CONSTRUCCIÓN



01.

02.

03.

04.

05.

PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS

A Xunta de Galicia crea esta **guía divulgativa** co obxectivo de mellorar a información sobre o proceso de tramitación dos parques eólicos en Galicia e facela máis accesible cara á cidadanía, seguindo así o principio de transparencia e bo goberno no ámbito da Administración Pública.

Así, neste documento explícanse as distintas fases de tramitación polas que pasa un parque eólico en Galicia desde que se solicita a súa instalación por parte dun promotor ata que se autoriza. Pódese consultar o estado dos proxectos presentados na web do **Rexistro Eólico de Galicia**.

Nesta mesma liña, a Xunta de Galicia está a impulsar unha rede de información provincial aos concellos, así como unha oficina informativa sobre as expropiacións, co fin de achegar de xeito transparente este procedemento aos cidadáns e entidades afectadas.



01.

ADMISIÓN A TRÁMITE DO PROXECTO



A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais é o departamento encargado de recibir os proxectos e admitilos ou non a trámite.

Para a admisión a trámite dunha iniciativa, verificarase:

1. Que non afecte á Rede Natura.
2. Que non exista solapamento con outros parques eólicos.
3. Que o proxecto estea dentro dunha das áreas de desenvolvemento eólico previstas no Plan Sectorial Eólico de Galicia.
4. A capacidade legal, económica e técnica do promotor.
5. Que o proxecto conte con permiso de acceso á rede eléctrica.

TRÁMITES PREVIOS



02.



*A tramitación do proxecto das **infraestruturas de evacuación**, de ser necesaria, comeza nesta fase seguindo o mesmo procedemento de autorización descrito nesta guía.*

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais revisa a documentación que acompaña á solicitude presentada:

- O proxecto de execución asinado por un técnico competente.
- A documentación ambiental segundo establece a Lei 21/2013.

O promotor pode solicitar de xeito voluntario a elaboración dun Documento de alcance para o que será preciso realizar as consultas previas ambientais.



CONSULTAS PREVIAS AMBIENTAIS: DOCUMENTO DE ALCANCE

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático será a encargada de elaborar o Documento de alcance. Consultará a:

- Administracións públicas afectadas.
- Persoas interesadas.
- Público en xeral na web da [Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda](#).

Este documento servirá ao promotor como orientación para a elaboración do **Estudo de Impacto Ambiental**, que deberá presentar xunto coa restante documentación.

INFORMACIÓN PÚBLICA

03.

Cando un proxecto de parque eólico supera as anteriores etapas, pasa ao trámite de información pública, que será publicado no Diario Oficial de Galicia.

A partir dese momento as persoas interesadas poderán facer as **alegacións** que consideren oportunas. Todas estas observacións serán remitidas ao promotor para que as teña en conta na nova versión do proxecto e tamén se terán en consideración no trámite de autorización.

A documentación do proxecto poderase consultar nos concellos afectados e nas xefaturas territoriais da [Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación](#) e da [Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda](#), así como a través das webs de ámbalas dúas consellerías.

As persoas interesadas disporán dun **prazo de 30 días** para presentar **alegacións**.

[Nesta ligazón](#), pódense consultar os proxectos en fase de información pública.

INFORMES SECTORIAIS

En paralelo, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais solicitará os informes sectoriais ás administracións afectadas. Normalmente, as entidades consultadas son:



ADMINISTRACIÓN PÚBLICA AUTONÓMICA

Dirección Xeral de Patrimonio Natural
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
Axencia Turismo de Galicia
Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural
Dirección Xeral de Defensa do Monte
Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
• Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático
• Subdirección Xeral de Residuos
Instituto de Estudos do Territorio
Axencia Galega de Infraestruturas
Órganos con competencias en materia de planificación hidrolóxica, dominio público hidráulico e en materia de calidade das augas
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
Dirección Xeral de Saúde Pública

ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

Ministerio de Defensa
Dirección Xeral da Costa e o Mar (Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico)
Dirección Xeral de Aviación Civil (Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana)

ADMINISTRACIÓN LOCAL

Concello/s afectados

04.

TRÁMITE AMBIENTAL

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático fará unha análise completa do expediente. Terá en consideración tanto as alegacións e informes recibidos durante o proceso de información pública como as consultas ás Administracións públicas e persoas interesadas e formulará a Declaración de Impacto Ambiental.

A **Declaración de Impacto Ambiental** terá a natureza de informe preceptivo e determinante. Concluirá sobre os efectos significativos do proxecto na súa contorna, establecendo as condicións

nas que pode desenvolverse o parque eólico para a adecuada **protección do medio ambiente** durante todas as fases. Ademais, sinalará as medidas preventivas, correctoras e/ou compensatorias.

No caso de que o proxecto se considere ambientalmente inviable non se autorizará.



AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA E DE CONSTRUCCIÓN

05.

Nesta última fase atópanse os proxectos que, unha vez superadas as anteriores etapas, finalmente obteñan autorización administrativa previa e de construción.

O promotor pode chegar a acordos cos propietarios dos terreos ou ben solicitar a **declaración de utilidade pública** do seu proxecto, xustificando debidamente antes a imposibilidade de chegar a acordos. No caso de conseguir a declaración, iniciaríase o procedemento expropiatorio.



XUNTA
DE GALICIA